



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE VERÁN PARA A PROMOCIÓN DO TALENTO DIXITAL NA MOCIDADE

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

D. José Luis Somoza Digón, Xerente da Axencia Galega para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega para a Modernización Tecnolóxica de Galicia ten previsto formalizar coa Consellería de Política Social o instrumento convencional arriba referido por un período de duración ata o 31/12/2021 dende a data da súa sinatura, sen prexuízo das posibles prórrogas (por períodos anuais ata o máximo de 4 anos) ou addendas que, no seu caso, poidan acordarse.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Política Social e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para o desenvolvemento de actividades de verán para a promoción do talento dixital na mocidade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional fundaméntase, por unha parte en que lle corresponden á Amtega, segundo o Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus Estatutos, as competencias para o impulso, asesoramento técnico e apoio en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e a súa aplicación para a modernización, innovación e





desenvolvemento tecnolóxico de Galicia.

Pola outra parte, a Consellería de Política Social, de conformidade co artigo 25 do Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social ten, entre outras funcións, a xestión das actuacións en materia de xuventude, así como as políticas xuvenís de carácter interdepartamental e de apoio ao desenvolvemento da actividade xuvenil.

A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público establece, no seu artigo 3, entre os principios xerais das Administracións Públicas, entre outros, a racionalización e axilidade dos procedementos administrativos e das actividades materiais de xestión, así como os de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas. O seu artigo 47.2, b) regúlanse os Convenios intradministrativos asinados entre organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes dunha mesma Administración Pública.

É evidente pois, que o presente convenio ten un carácter de interese público, en atención ao obxectivo último dunha política xuvenil eficaz articulando actuacións conxuntas entre distintos departamentos da Xunta de Galicia que teñen intereses comúns e obxectivos coincidentes no desenvolvemento integral da mocidade galega.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o carácter oneroso das actuacións obxecto do convenio, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O xerente da Amtega

